Novembro

Xanela BQXN

IMPRESO SIN DIRECCIÓN
ESPAÑA | FRANQUEO PAGADO | Aut. n.º 150.493

Boletín informativo mensual do Concello de Boqueixón

Publicación gratuíta | Novembro 2026 | Nº. 101 | www.boqueixon.gal

A Xunta fará unha nova senda peonil na AC-960 entre Sergude e Rodiño

A conselleira de Vivenda anuncia que a senda terá unha lonxitude de 1,3 km, suporá un investimento de máis de 1 millón de euros e estará licitada a principios de 2027

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, visitou Boqueixón para anunciar que o Consello da Xunta deu luz verde ao proxecto de construción dunha senda peonil na estrada AC-960, concretamente no treito comprendido entre os núcleos de Sergude e Rodiño Grande.

Unha actuación solicitada polo alcalde, Ovidio Rodeiro, hai exactamente un ano e que está a piques de facerse realidade e por un orzamento maior ao solicitado: "daquela falabamos duns 750.000 euros e agora estamos en máis de 1 millón de euros e seguro que iso vén mellorar a senda. O certo é que cando teñamos finalizado este proxecto case dende o límite de Vigo con Loureda ata a Susana podemos camiñar por unha senda segura".

María Martínez Allegue foi máis aló e puxo datas á actuación: "A principios de 2027 imos licitar a construción desta senda para que sexa unha realidade o antes posible", comprometeu a conselleira cos veciños e veciñas presentes na presentación.



Visita da conselleira de Vivenda e Infraestruturas á futura senda de Sergude

Características

"Unha actuación que fomenta os desprazamentos saudables, a mobilidade sostible e que amosa o fermosa que é a nosa Galicia", apuntou Martínez Allegue. As obras inclúen a construción dunha senda peonil en paralelo á AC-960, pola súa marxe dereita, ao longo de algo máis de 1,3 km de lonxitude, entre os puntos quilométricos 3+120 e 4+480.

A senda proxéctase adxacente á AC-960 e mantendo o mesmo trazado que a vía autonómica, executándose a partir da ampliación da plataforma existente, de xeito que contará cun ancho de 3,4 metros, cando dispoña de franxa de xardín de 0,9 metros, e de 2,5 m cando non ten zona axardinada. A beiravía terá un ancho mínimo de 0,50 m, respectándose o ancho existente cando este é maior. A obra inclúe tamén a instalación dun sistema de recollida de pluviais e ofrece tamén a posibilidade de canalizar o cableado eléctrico aéreo nun futuro, sen ter que afectar á senda.

Esta nova senda peonil posibilitará así o enlace con seguridade entre os núcleos de Sergude e o de Rodiño Grande, comunicando as beirarrúas actualmente existentes en ambos extremos. Segundo o proxecto deseñado polo departamento de Infraestruturas da Xunta, a senda iníciase baixo o viaduto do ferrocarril, onde finalizan as beirarrúas do núcleo rural de Sergude e prolóngase ata alcanzar a senda existente en Rodiño Grande.

Para iso, no punto quilométrico 4+190 salva o río Záramo mediante unha pasarela metálica dun ancho de entre 2,5×3 metros. O prazo de execución das obras é de dez meses.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

02 nov / 30 nov	VIGO	Campo da festa
01 dec / 31 dec	LOUREDA	Campo da festa
01 xan / 31 xan	GASTRAR	Campo da festa



O Concello mantén aberto o prazo das axudas por nacemento

O Concello de Boqueixón lembra que ata o 31 de decembro está aberto o prazo de presentación de solicitudes das axudas ás familias para sufragar parcialmente os custes derivados do nacemento e/ou acollemento ou adopción de nenos e nenas empadroados no municipio. Unhas axudas que ascenden a 400 euros por familia e das que este ano xa se beneficiaron un total de cinco familias do municipio, unha menos que durante todo o exercicio de 2025.

Trátase dunha iniciativa que ten un dobre obxectivo: por unha banda, axudar non so ás familias cos gastos da crianza e, por outra, apoiar ao comercio local, xa que a totalidade do gasto subvencionado ten que facerse en empresas radicadas en Boqueixón. Os cartos poden gastarse en produtos para o neno/a: cueiros, lácteos e alimentos infantís, roupa, calzado, enxoval, produtos de hixiene infantil, medicamentos ou calquera outro tipo de produtos receitados polo facultativo de pediatría.

As solicitude deben presentarse nun máximo de 15 días naturais a partir do día seguinte ao nacemento, acollida ou adopción, ben a través da sede electrónica, ben no Rexistro Xeral do Concello.

Máis de 250.000 € para melloras de estradas nas parroquias

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, vén de asistir á acta de replanteo das obras correspondentes ao Plan Único POS+ 2026, "un plan que conta cunha inversión de máis de 250.000 euros e co que imos facer actuacións de mellora en todas as parroquias do concello". Un total de quince actuacións en melloras de accesos a núcleos, aglomerado de pistas e estradas e mellora da praza da feira de Vilar, que suman case cinco quilómetros de lonxitude e máis de 26.000 metros cadrados de superficie.

En todos os casos a actuación contempla a mellora da capa de rodaxe de viarios con 3 centímetros de aglomerado, previo bacheo con grava e tratamento asfáltico semiprofundo. Así mesmo, contémplase a limpeza de gabias e salvagabias para a correcta drenaxe lonxitudinal e transversal, así como o pintado das liñas de bordo e colocación da sinalización correspondente.



As obras inclúen a mellora da capa de rodaxe con aglomerado

Actuacións

Así, nos próximos meses comezarase coas obras de mellora da praza da feira de Vilar, onde se actuará nunha superficie de 1.600 metros cadrados con 3 centímetros de mestura bituminosa discontinua. Tamén se acometerá a mellora de dous treitos do viario de Lubián a León e doutros dous treitos do camiño de Milleiros a Teixeira. En Casalpeguito acometeranse dúas actuacións: a mellora da capa de rodaxe dun viario de medio quilómetro e a mellora doutros 230 metros da estrada de acceso á aldea.

En Loureda preténdese a mellora dun viario dividido en dous tramos duns 560 metros, mentres que en Eirexe actuarase sobre a capa de rodaxe dunha estrada de 180 metros e sobre unha superficie adicional de 2.560 metros cadrados.

En Outeiro están previstas dúas actuacións: a mellora dos accesos á localidade, co arranxo de dous treitos dun viario de 190 metros de longo, e a mellora dun camiño entre Outeiro e a a casa do maior.

Así mesmo, tamén se acometerán as melloras dos accesos a Manlle e a Vixión, así como a mellora dun viario entre Vilalapaz e Lubián. Finalmente, o Concello mellorará a capa de rodaxe dunhas pistas en Loureiro e A Devesa, así como do viario de Caneda a Midón.

Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n. 15881 Boqueixón.
Web: www.boqueixon.es/com
Correo electrónico: concello@boqueixon.com
Redacción e maquetación: Nós Comunicación
Distribución gratuíta
Oficinas xerais: 981 51 30 61
Educación e Cultura: 981 51 31 15
Servicios Sociais / CIM: 981 51 30 06

Concello e Fenosa melloran a calidade do subministro eléctrico en Lestedo

A actuación rematará cos cortes de subministro que se producían no inverno

O Concello de Boqueixón vén de autorizar a execución do proxecto "Reforma CT e nova LMTS para peche entre liñas STN839 e PAI802 (Boqueixón)", presentado por Unión Fenosa Distribución. Un proxecto que suporá un investimento de 150.874 euros para mellorar a calidade do subministro eléctrico no núcleo urbano de Lestedo.

A obra executarase ao longo dun quilómetro, dende o sur do lugar de Rubial ata o núcleo de O Vilar, pasando polas rúas da Filloa, Daniel Silva e Virxe Lurdes. As obras inclúen a unión de dúas liñas de media tensión, a procedente da subestación de Santiago e a que procede da subestación de Paizás, a través dun novo tramo de 958 metros de liña de media tensión soterrada.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, destaca que esta actuación "garantirá a continuidade do subministro eléctrico, xa que se unha liña falla, a outra asume a carga. Isto permitirá reducir os cortes de subministro e, ademais, illar as fallas, permitindo cortar o tramo danado".

A maiores, modernizarase o centro de transformación Lestedo I, de forma que poderá acometer máis funcións e facilitarían calquera crecemento posterior que fose necesario.

O concelleiro de Economía, José Manuel Iglesias, sinala que "esta obra vén dar resposta á demanda dos veciños debido aos continuos cortes que había no subministro eléctrico sobre todo no inverno, provocado polos temporais, e quedará solucionado con esta actuación".



José Manuel Iglesias e Ovidio Rodeiro supervisan o inicio das obras



Coñecemos o autismo

O CPI Antonio Orza Couto acolleu a xornada *"Autismo, aprendendo e desfrutando xuntos na escola"*, do ciclo *Educar en Familia* organizado polo Concello en colaboración coa Consellería de Sanidade, a ANPA O Forte e o CPI. A psicóloga Marlene Horna faloulles ás familias e profesorado sobre como educar en diversidade e promover unha inclusión real nas aulas.



Enriquecedora charla sobre o solo pélvico en Lestedo

Ana Argiz e Noelia Martínez, de IpoSalud, impartiron unha charla sobre o coidado do solo pélvico, organizada polo Concello e a Asociación de Mulleres Rurais de Lestedo. Unha charla próxima na que as persoas asistentes puideron aprender e resolver as súas dúbidas. Próxima cita: 26 de novembro, ás 19:00 h, no Forte.

Abertas as inscricións na VIII Xornada de sensibilización en violencia contra a muller

A casa da cultura de Camporrapado acollerá a VIII Xornada de sensibilización en violencia contra a muller, que terá lugar o sábado 14 de novembro, a partir das 17:00 h. Entrada de balde, previa inscrición en: https://forms.gle/MuXq1XPcC12KcEPk9

A xornada será presentada pola concelleira de Igualdade, Ángela Conde, que dará paso á charla "*Sementes de cambio: erradicando a violencia sexual*", da man de María Angélica Mercado Torres, especialista universitaria en estudos de xénero e políticas de igualdade. Ás 18:15 h, recital poético-musical a cargo da poeta Ana Valín e a cantautora María Carolina. A música correrá a cargo de Raiola, da Asociación Manuel Gacio. O alcalde, Ovidio Rodeiro, será o encargado de clausurar a xornada.



Boqueixón, Vedra e Touro presentan a campaña "As túas palabras constrúen"

Boqueixón, Vedra e Touro presentarán o 18 de novembro a campaña *"As túas palabras constrúen"*, na que se dá visibilidade á construción colectiva de reflexións e propostas do libro 25N, onde se rexeita a violencia contra a muller. O 25N está programado *"Vicky e a felicidade"*, da compañía Bandullo Azul, actividade con perspectiva de xénero que forma parte do Circuíto en Igualdade da Deputación da Coruña e que terá lugar na casa da cultura para desfrute da rapazada do CRA Boqueixón-Vedra. E a rapazada de Infantil e Primaria do CPI traballarán no libro violeta de Boqueixón.



A festa das Carrozas do San Cidre participa no Pasabodeghas de Vedra

O Pasabodeghas, festa sociocultural de San Miguel de Sarandón (Vedra), estivo dedicado este ano ás festas de interese cultural, entre as que estaba unha representación das Carrozas do San Cidre. Centos de persoas achegáronse a coñecer esta festa do Oural e a súa historia.





Aniversarios na casa do maior

Lola e Pepe, usuarios da casa do maior de Carabán, veñen de celebrar o seu 92 aniversario. Parabéns.

Boqueixón suma unha quinta casa do maior no local social de Loureiro

Dará servizo ás persoas maiores de Pousada, Oural, Codeso, Sucira e Ledesma

O Concello de Boqueixón celebra a concesión dunha quinta casa do maior a unha emprendedora do municipio, Adriana Vázquez Fernández, e que se emprazará no local social de Loureiro, na parroquia de Pousada. Un inmoble ofrecido en setembro de 2025 polo Concello para acoller un novo proxecto que dera servizo á veciñanza de Pousada e das localidades próximas.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, reuniuse coa promotora da nova casa do maior de Pousada, acompañado pola concelleira de Servizos Sociais, Ángela Conde, e o concelleiro de Economía, José Manuel Iglesias. Ademais de felicitar a Adriana pola súa iniciativa, Rodeiro Tato sinalou que a apertura desta nova casa do maior "ofrecerá un importante servizo de atención ás persoas maiores de Pousada, Oural, Codeso, Sucira e Ledesma, ampliando os servizos de proximidade para a nosa veciñanza".



O alcalde reuníuse con Adriana Vázquez, promotora da nova casa do maior

Neste sentido, Ángela Conde salientou a importancia das casas do maior á hora de "facilitar que os nosos maiores poidan permanecer na súa contorna habitual, preto das súas familias e da súa veciñanza. Por iso dende o Concello quixemos colaborar e puxemos a disposición de persoas emprendedoras como Adriana os recursos dos que dispoñemos para favorecer a creación deste tipo de servizos que, finalmente, foi aprobado pola Consellería de Política Social e Igualdade".

Agora ábrese un prazo de dous meses para que Adriana Vázquez, achegue toda a documentación prevista na convocatoria. A axuda concedida pola Xunta de Galicia ascende a 53.429, 68 euros.

Cinco casas do maior

Boqueixón suma xa cinco casas do maior no seu territorio, o que supón un total de 25 prazas para persoas de máis de 60 anos. Tanto o servizo como o desprazamento son de balde, xa que está financiado pola Xunta. O xantar ten un prezo de 7 euros. O seu horario de atención é diúrno, durante 8 horas de luns a venres. Os Servizos Sociais de Boqueixón serán os encargados no seu momento de tramitar as solicitudes de praza na nova casa do maior.







As Casas do Maior gozan dun día entre abellas en Arzúa

Usuarios das Casas do Maior viaxaron ata o Enredo do Abelleiro (Arzúa) para descubrir o traballo das abellas, elaborar as súas propias velas artesanais e catar uns meles locais. Días despois, as promotoras das Casas dos Maior foron recibidas polo alcalde, con quen falaron das iniciativas feitas e lle propuxeron novas actividades de cara ao futuro, compartindo recursos e creando sinerxias entre elas.

Éxito de participación nos Tardeos no Pico: máis de 3.500 visitantes en tres meses

Segundo os datos do servizo de Información Turística do 16 de xullo ao 18 de outubro

Un total de 3.525 persoas visitaron o Pico Sacro entre o 16 de xullo e o 18 de outubro, coincidindo co desenvolvemento da primeira edición dos "Tardeos no Pico Sacro", unha iniciativa posta en marcha este ano polo Concello de Boqueixón para poñer en valor o seu enclave turístico máis importante a través dunha nova e completa oferta cultural, turística e gastronómica.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, amosa a súa satisfacción pola bo desenvolvemento desta iniciativa "para poñer en valor este monte mítico e lendario, cun programa moi ambicioso no que mesturamos actividades culturais, guía turística e un servizo de food-truck para que o visitante puidera desfrutar destas fermosas vistas e da posta de sol dende o Pico Sacro, mentres degustaba produtos da nosa terra".

Así, a iniciativa incluía en primeiro lugar un servizo gratuíto de visitas guiadas ao Monte Ilicino. Durante aproximadamente unha hora, o técnico municipal de Turismo presentoulles aos turistas as múltiples facetas do Pico Sacro. Unhas expedicións de número variable: dende un par de parellas ata grupos máis numerosos, sendo a última semana de outubro a máis concorrida: 80 visitas guiadas.



A terraza con mellores vistas tivo este ano sabor propio grazas á food-truck

Paralelamente, o Concello de Boqueixón ofreceu un servizo de food-truck, denominado "Sabores que te suben ao Pico", e que estivo dispoñible todos os venres, sábados, festivos e vésperas de festivos, no mesmo horario das visitas guiadas. Deste modo, o Concello cubriu unha necesidade evidente do Pico Sacro: non existía un servizo de hostalería na contorna, polo que moitas das persoas que visitaban a zona non permanecían moito tempo da zona.

A posibilidade de tomar non so cafés, augas ou refrescos, senón de degustar tamén propostas con produtos locais como hamburguesas con queixo Bo Queixo, a iniciativa tamén ofreceu unha atractiva e variada programación cultural: dende as charlas informativas do ciclo "Un mes e pico" a actuacións musicais e recitais de poesía.

Datas e procedencia

O día de maior afluencia coincidiu coa eclipse do pasado 12 de agosto, xornada na que máis de un milleiro de persoas se deron cita no Monte Ilicino, seguido do domingo 9 de agosto, con 236 visitas, segundo datos rexistrados polo servizo de Información Turística de Boqueixón. A gran maioría destas visitas son persoas de municipios da comarca de Compostela (Santiago, Vedra, Ames, Teo...), así como doutros concellos como A Estrada, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra e Ourense.

Por comunidades, o maior número procede de Madrid, Cataluña e Andalucía, seguidos por Valencia, o País Vasco e Canarias. Finalmente, en canto a visitantes internacionais, Estados Unidos e Francia son os países con máis representación, seguidos por Bélxica, Portugal, Canadá, Italia e Inglaterra, aínda que tamén se rexistraron visitas de México, Uruguai, Suíza, Países Baixos, Ucraína, Irlanda e Alemaña.

A estas cifras hai que engadir tamén os 1.145 peregrinos que pernoctaron no pavillón municipal de Lestedo nos meses de xuño, xullo e agosto, unha cifra lixeiramente superior ao ano pasado.

Magosto e Credencial Gastro no ximnasio do Forte

O ximnasio municipal do Forte será escenario este venres 6 de novembro, ás 19:00 horas, dunha dobre cita gastronómica: o Magosto de Boqueixón e o desafío gastronómico "Credencial Gastro". Unha xornada para desfrutar en familia e coa veciñanza organizada polo Concello de Boqueixón en colaboración coa Xunta de Galicia, a través do programa O Teu Xacobeo e do AGACAL.

Haberá castañas, empanada, bolos preñados, larpeira e tapas da terra, con opcións de menú mariñeiro, vexetariano, carnívoro ou doce, dentro do desafío "Credencial Gastro".

Trátase dunha degustación gratuíta na que o comensal porá a proba o seu padal, pois deberá identificar os 3 produtos con selo de calidade que contén a súa credencial nas tapas ofrecidas. As persoas que acerten poderán levar dende agasallos promocionais ata un lote de produtos de calidade difenciada.

O Club de Maiores de Boqueixón estrea "Nós somos así" no ciclo BocAberta

O auditorio da Casa da Cultura de Camporrapado acollerá durante os domingos 15, 22 e 29 de novembro, e o sábado 5 de decembro, unha nova edición do ciclo de teatro afeccionado "BocAberta", organizado polo Concello de Boqueixón en colaboración coa Rede Cultural da Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Club de Maiores de Boqueixón. Catro sesións dirixidas a todos os públicos e que terán lugar ás 17:30 horas. Entrada libre e de balde ata completar aforo.

Unha edición na que o grupo local da Asociación Club de Maiores de Boqueixón aproveitará para presentar no municipio a súa nova obra: *"Nós somos así"*, unha divertida comedia na que un científico e unha prestixiosa filósofa afrontan unha investigación de gran relevancia para o futuro: é certo que os galegos non temos remedio? Será o sábado 5 de decembro para clausurar o festival.

Un ciclo que abrirá as súa portas o domingo 15 de novembro con *"De tal pau..."*, unha comedia do grupo municipal de Teatro de Ribeira no que unha voda é o escenario onde pelexarán nais e fillas. Tomará o relevo Bradomín Teatro (A Pobra), con *"Reunión familiar"*, unha disparatada comedia chea de discusións absurdas e malentendidos o domingo 23 de novembro. Finalmente, Charamela Teatro (Melide) actuará o domingo 29 de novembro coa peza *"Un xogo desastroso"*, unha comedia familiar chea de enredos.



Concello de Boqueixón
Lestedo Vén de feira Rodiño
1º E 3º DOMINGO DE MES
2º DOMINGO DE MES


PRODUTOS LOCAIS ROUPA ALIMENTACIÓN SEMENTES ARTIGOS PARA O FOGAR
FROITAS E HORTALIZAS PAN E DOCES CALZADO CARNE E EMBUTIDOS CHURROS
POLBO Á FEIRA VIVEIROS COMPLEMENTOS TÉXTILES
NOVOS POSTOS
Descubre unha maior e máis variada oferta
SABOREA BOQUEIXÓN
Restaurantes, bares, polberías, cafeterías...
MERCA EN BOQUEIXÓN
Variedad, calidade e atención personalizada
DESCUBRE BOQUEIXÓN
Pico Sacro, turismo rural, sendeirismo...





Boqueixón, a paisaxe que sabe

Cinco xornalistas de referencia no ámbito gastronómico e turístico achegáronse a Boqueixón da man da Deputación da Coruña para descubrir como o noso territorio, os nosos produtos e o noso patrimonio poden converterse nunha experiencia turística. O alcalde e o concelleiro de Turismo, Ovidio Rodeiro e José Luís Mareque, guiaron aos xornalistas.

A expedición estaba formada por Laura Conde Seijas, colaboradora de *La Vanguardia* e outros medios especializados; María Pérez-Pla, do *Grupo Gourmets*; Alicia Hernández Pascual, de *Hola! Cocina*; Jaime de las Heras, de *Directo al Paladar*; e Carlos G. Cano, de *Gastro SER*. Todos eles visitaron as cabanas e a adega de Enoturismo María Manuela, para realizaren unha visita guiada ao Pico Sacro. Trátase dunha iniciativa incluída no programa "A paisaxe que sabe", promovida pola Deputación da Coruña para coñecer produtos, emprendedores e espazos na provincia.



Rodeiro e Mareque acompañaron ao grupo de xornalistas durante a súa visita

AXENDA DO MES DE NOVEMBRO

Venres 6

Magosto de Boqueixón e Credencial Gastro

Ximnasio municipal do Forte. 19:00 h. Castañas asadas, empanada, bolos preñados, larpeira e xogo para identificar petiscos da nosa terra. Animación musical

Domingo 8

Tarde de Baile e animación

Local social de Codeso. De 17:30 a 20:30 h. Entrada libre. Actuación dun dúo musical. Colabora: Consellería de Política Social e Igualdade.

Sábado 14

VIII Xornada de Prevención en Violencia contra a muller

Casa da Cultura. 17:00 h. Inscricións: https://forms.gle/MuXq1XPcC12KcEPk9

Domingo 15

Teatro: Grupo municipal de Ribeira. *"De tal pau"*

Casa da Cultura. 17:30h. Entrada libre. Ciclo de teatro "BocAberta"

Domingo 22

Teatro: Bradomín Teatro. *"Reunión familiar"*

Casa da Cultura. 17:30h. Entrada libre. Ciclo de teatro "BocAberta"

Domingo 22

Proxección do documental "Ao son da regueifa"

Casa da Cultura. 18:30h. Entrada libre.

Mércores 25

Bandullo Azul: "Vicki e a felicidade"

Casa da Cultura. 10:30 horas. Actividade con perspectiva de xénero ao que asistirá o CRA Boqueixón-Vedra. Sufragada pola Deputación da Coruña.

Xoves 26

Charla sobre solo pélvico

Instalacións do Forte. 19:00 h. Imparte IpoSalud. Inscricións ata o 23 de novembro en 981 513 115 ou cultura@boqueixon.es.

Domingo 29

Teatro: Charamela Teatro. *"Un xogo desastroso"*

Casa da Cultura. 17:30h. Entrada libre. Ciclo de teatro "BocAberta"

...e en decembro

Venres 4

Os Piñeiriños. *Canta e baila con nós*

Local social de Lestedo, 17:30 horas. Espectáculo infantil.Degustación de produtos locais.

Sábado 5

Teatro. Club de maiores de Boqueixón. *"Nós somos así"*

Casa da Cultura. 17:30h. Entrada libre. Ciclo de teatro "BocAberta". Degustación de produtos locais.

Sábado 5

Postcrossing Neira Vilas

Local social de Lestedo. Organiza: Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio.

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS: Centraliña: 981 513 061 concello@boqueixon.com | CIM: 981 513 106 cim@boqueixon.com | Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.es | Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE · XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE · Deputación DA CORUÑA · UNIÓN EUROPEA Fondo Social Europeo · galicia · XUNTA DE GALICIA